

GUÍA DO CURSO

# ***A Regueifa 2.0***

2017

## Índice

■ Descripción do curso.....	3
■ Persoas titoras.....	3
■ Obxectivos.....	3
■ Competencias profesionais do profesorado.....	4
■ Contidos.....	5
■ Metodoloxía.....	10
■ Seguimento e desenvolvemento do curso.....	11
■ Comunicación coas persoas titoras.....	13
■ Avaliación.....	14
■ Aplicación práctica nas aulas.....	15
■ Requirimentos para seguir o curso.....	15


## Descrición do curso

*O Proxecto Regueifa 2.0 está enmarcado nun plan de expansión e concienciación do emprego da improvisación oral en verso como ferramenta educativa dentro do sistema público galego. Así pois, o perfil de participante deste curso en rede sería o de profesorado interesado e implicado en levar a cabo no seu Centro un proxecto de innovación e transformación através da oralidade do repentismo galego.*

*O curso está dirixido, en primeiro termo, ao profesorado interesado en impartir a materia optativa “Regueifa e improvisación oral en verso” en Primaria ou Secundaria, que pode comezar sendo unha proposta de libre configuración de Centro, pero que co tempo agardamos sexa considerada de libre configuración autonómica.*

*Este curso tamén pode ser útil para o profesorado que queira implicarse no desenvolvemento da improvisación oral en verso nas súas aulas.*

## Persoas titoras



## Obxectivos

*O profesorado que participe nesta experiencia educativa debería acadar uns obxectivos mínimos para poder comezar a dinamizar aulas de regueifa e improvisación oral en verso. Así pois, o obxectivo primordial deste plan de formación do profesorado en rede é realizar un traballo expansivo de motivación e implicación para a difusión das posibilidades pedagóxicas que pode brindar a improvisación oral ao noso sistema educativo.*

*O Curso ten cinco bloques de contidos e o obxectivo é que o alumnado acade formación, información e habilidades e competencias en relación á Comunicación musical, a Historia e actualidade da improvisación oral en verso no mundo e na Galiza, a Comunicación lingüística, poética e retórica, a Comunicación non verbal e performativa e a Creatividade e xestión cultural.*

*Con este proxecto de formación preténdese modernizar a creación cultural desde o ámbito escolar, actualizar a nosa tradición. A Regueifa é un importante elemento do patrimonio cultural inmaterial galego, e a nosa intención tamén é darlle ao imaxinario tradicional unha funcionalidade no momento actual, crear tradición en activo, ou activar a tradición e actualizala coa enerxía da xuventude.*

## Competencias profesionais do profesorado

Segundo o modelo de Competencias Profesionais Docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través deste curso formaraste prioritariamente nas seguintes competencias e subcompetencias:

### **Competencias:**

*Competencias xenéricas de perfil:*

*1.- Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a: O profesorado está construíndo novos procesos de aprendizaxeno alumnado.*

*2.- Membro dunha organización: O profesorado está organizando, planificando e coordinando unha nova materia para o seu centro educativo.*

*3.- Interlocutor/a e referente na comunidade educativa: O profesorado promoverá con esta formación valores de convivencia, compromiso persoal e ético.*

*4.- Investigador/a e innovador/a: O profesorado está aplicando novas ideas, propostas e prácticas educativas coa finalidade de mellorar as competencias do servizo educativo.*

*Competencias instrumentais e transversais:*

*5.- Especialista na súa materia: O profesorado está xestionando e construíndo o coñecemento existente integrándoo de xeito crítico na súa realidade.*

*6.- Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras: O profesorado emprega a improvisación oral como representación, interpretación e comprensión dunha realidade e un intercambio de coñecementos, ideas e emocións.*

*7.- Competente en tecnoloxías da información e a comunicación: O profesorado fai un uso seguro e crítico das tecnoloxías da sociedade da información para o traballo, lecer e comunicación. Emprega software para o traballo colaborativo, creación de contidos e ferramentas institucionais.*

*O noso proxecto está claramente encadrado na Temática da Narrativa transmedia multidisciplinar, desenvolvendo as seguintes **subcompetencias**:*

23.- *Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento*

24.- *Software*

## Contidos

O Curso Regueifa 2.0 ten un Bloque inicial de presentación, (2 horas) onde o alumnado se presenta. E un Bloque final (3 horas) onde o alumnado recolle as súas aprendizaxes e reúne os contidos principais do Curso nun Proxecto Final.

Os contidos principais do curso están divididos en 5 módulos ou bloques:

B1. "Comunicación musical"

B2. "Historia da Regueifa e a improvisación oral en verso"

B3. "Comunicación lingüística, poética e retórica"

B4. "Comunicación escénica e performance"

B5. "Creatividade e xestión sociocultural".

**No bloque primeiro, *Comunicación Musical*, (10 horas), trabállase a audición, a recolla en traballos de campo e a composición de regueifas e doutras formas de improvisación oral en verso. Coñeceremos o noso corpo para expresar musicalmente a improvisación e as nosas posibilidades expresivas. E divulgaremos, a través de gravacións de voz e as novas tecnoloxías de reprodución e edición musical e audiovisuais, as nosas propias interpretacións.**

B1.1. Audición de música recollida de regueifa. Investigación e valoración das posibilidades do son. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.

- .- Traballamos pezas transcritas de recollidas de campo.
- .- Analizar a páxina web do APOI, do Museo do Pobo Galego.
- .- Buscar información nos diversos cancioneros publicados de música tradicional.

## B1.2. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.

.- Empregar e confeccionar musicogramas sobre as diversas manifestacións artísticas da expresión oral.

## B1.3. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.

A improvisación na Lusofonía: desde os desafíos de Portugal, o despique en Madeira.

O bertsolarismo vasco.

O repentismo hispánico: Cuba

O RAP americano.

Practicar a regueifa de xeito activo explorando as posibilidades sonoras e expresivas da voz.

Compoñer estilos propios de melodías melismáticas para tentar construír identidades sonoras.

Interpretar as diversas herdanzas sonoras das regueifeiras e regueifeiros profesionais.

Explorar as posibilidades sonoras e expresivas da voz

## B1.4. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.

## B1.5. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.

Utilización dos medios de comunicación e das redes sociais para compartir información.

Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a creación de producións propias.

**No segundo bloque**, *Historia da improvisación oral en verso*, (10 horas), explícase a historia e a actualidade da improvisación oral en verso, tanto en Galiza como noutros puntos do planeta. Explícase tamén a importancia de improvisación na historia do ser humano, desde un punto de vista antropolóxico e sociolóxico, en relación coa historia pasada e a actual era da información. É importante coñecer a historia e actualidade da improvisación oral en verso no resto do mundo: País Vasco, Sudamérica, Portugal, Brasil, Curdistán e outros territorios, como exemplo da diversidade cultural dos pobos. E, alén disto, o alumnado coñecerá o proceso de desenvolvemento educativo e sociocultural da regueifa como movemento sociocultural en expansión.

## B2.1. Valoración da lingua oral como medio de transmisión de información e ferramenta de desenvolvemento na historia da humanidade. Relacións coa antropoloxía e a etnoloxía.

A oralidade como ferramenta de creación de identidade colectiva.

A evolución da lingua oral ao longo da historia, antes e despois da aparición da escrita, a imprenta e outras tecnoloxías de comunicación.

B2.2. A improvisación oral en verso no mundo. Historia e actualidade. Extensión do fenómeno e procesos de perda e revitalización.

- O caso da improvisación en euskaro: Bertsolarismo.
- A improvisación na Lusofonía: os desafíos de Portugal e o repentismo en Brasil.
- O caso de Cuba e o repentismo hispánico: As aportacións de Alexis Diaz Pimienta á teórica e a práctica da improvisación poética.
- Outras sociedades con improvisación oral en verso: Curdistán, etc.
- O RAP e o free style: orixes e actualidade.
- Neurociencia e improvisación.
- Repentismo e política.

B2.3. A improvisación oral en Galiza. Historia e actualidade. Extensión do fenómeno e procesos de perda e revitalización.

- Os regueifeiros e regueifeiras tradicionais: Bergantiños, Xallas, Courel... Regueifas, brindos.
- O proceso de recuperación da regueifa desde os anos 90: A Asociación ORAL, Pinto de Herbón e os regueifeiros actuais.
- O movemento social da Nova Regueifa Galega: Certames escolares, Alba María, e a renovación da improvisación oral en verso pola xuventude.
- A muller na historia da improvisación oral en verso.
- RAP e free style na Galiza.

B2.4. O presente e o futuro da Regueifa: planificación da participación social. Novas formas de visibilizar e extender a improvisación oral na nosa sociedade.

**No bloque terceiro, *Comunicación lingüística, poética e retórica* (10 horas),** explicaremos os principios da comunicación lingüística e sociolingüística da regueifa; a importancia da linguaxe non discriminatória (contra a homofobia e o sexismo); os recursos literarios do xénero: morfoloxías poéticas, recursos estilísticos, convencións da tradición, innovacións actuais. Relacionaremos a improvisación oral coa retórica. E aprenderemos a improvisar textos orais en verso.

B3.1. A regueifa como fenómeno lingüístico e sociolingüístico

- A improvisación oral en verso é un fenómeno aprendido ou innato?
- Oralidade e corrección lingüística.
- A regueifa no proceso de normalización da lingua.

- Os rexistros de lingua na regueifa.
- A adecuación á situación comunicativa.
- Os valores sociais na lingua: A linguaxe non sexista, linguaxe non discriminatoria.
- Repentismo sen homofobia.
- Castelanismos, hiperenxebrismos e outros desvios da norma.

### B3.2. A regueifa como fenómeno oral improvisado.

- Oralidade, repentismo e comunicación

### B3.3. A regueifa como fenómeno poético

- Ritmo
- Rima.
- Métrica.
- A quarteta
- O pé forzado.
- O “tempo”.
- Innovación na Regueifa: experimentación con novos temas e formas.

**En cuarto lugar**, no bloque *Comunicación escénica e performance (10 horas)*, coñeceremos os elementos non verbais da regueifa como proceso comunicativo en interacción cun público. Neste ámbito de comunicación, teremos especial interese en demostrar seguridade persoal diante do momento da improvisación pública, através da adquisición de técnica , experiencia e autoestima. Ademais, empregaremos a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso oral.

B4.2. O protagonismo do publico

B4.3. Importancia da autoestima persoal e colectiva.

B4.4. Os diferentes contextos de actuación: organización e espazos escénicos.

- Quinésica: linguaxe corporal e paralinguaxe.

Por último, **no bloque quinto**, *Creatividade e xestión sociocultural (5 horas)*, coñeceremos activamente as características do movemento sociocultural da improvisación oral, e implicarémonos con outros axentes locais e non locais na xestión da improvisación oral en verso como elemento dinamizador da escola e da sociedade. Traballaremos desde a innovación e a creación colectiva, empregando as ferramentas



dixitais para a creación horizontal e a divulgación cultural.

B5.1. O desenvolvemento da regueifa como proceso colectivo de desenvolvemento sociocultural

- A actitude de autoconfianza personal e colectiva para evolucionar e actualizar a tradición.
- A importancia da transmisión xeracional.
- O papel do compromiso individual no desenvolvemento social da regueifa.

B5.2. Obxectivos do proceso de revitalización da Regueifa:

- Transmisión, difusión, documentación-investigación,

B5.3. Características da acción social no ámbito cultural:

- Activismo e participación
- Pluralismo ideolóxico e diversidade do movemento.
- Cultura do debate e o consenso.
- O traballo voluntario e o traballo profesional.

B5.4. A planificación e a creatividade sociocultural desde o noso colectivo. Toma de decisións e planificación asemblearia.

- Xestión e produción dun encontro de regueifa.

B5.5. A regueifa como dinamizador socioeconómico.

*Nesta materia ten unha importancia fundamental a **comunicación transversal de valores**, pois pensamos que a improvisación oral en verso debe actualizar os referentes actitudinais dunha tradición histórica (especialmente sexista) con valores do século XXI e que é o noso alumnado quen debe ter un especial protagonismo no proceso de modernización da Regueifa.*

## Metodoloxía

Metodoloxicamente, o traballo vai a ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas que teñen que ver coa oralidade.

Nesta materia debe ser o propio profesorado quen cree e difunda os contidos que se

traten: o propio proceso de traballo enriquece enormemente a formación polo seu poder motivador. A nosa metodoloxía intentará aproveitar os aspectos máis lúdicos do proceso de aprendizaxe, relacionando este proceso con dinámicas da animación sociocultural para a creación de ambientes proactivos de traballo. Traballaremos especialmente unha metodoloxía para a creación e dinamización do grupo con actividades baseadas en aspectos actitudinais, motivacionais e de desenvolvemento da identidade persoal e grupal.

A formación na Rede deberá tender cara a un modelo construtivista, colaborativo, significativo e multimedia.

Asumimos o modelo pedagógico CAIT<sub>1</sub> baseado na aprendizaxe construtiva, activa, interactiva, tecnolóxica, situada e autorregulada.

- **Construtiva.** Non esperamos de ti que repitas ou reproduzas a información que atopas aquí, senón que a sometas á acción do pensamento co fin de analizar, relacionar, criticar, transferir e aplicar esa información, transformándoa en coñecemento. Deste xeito, ademais de adquirir coñecementos, aprendes a aprender, unha tarefa especialmente importante na sociedade da información.
- **Activa.** Debes realizar diferentes actividades para asimilar os contidos informativos que recibas. A calidade da túa aprendizaxe dependerá da calidade das actividades e tarefas realizadas.
- **Interactiva.** Convén que a aprendizaxe sexa interactiva, pois iso o curso permite construír o coñecemento de maneira propia e persoal a partir do teu punto de vista: interacción entre os teus esquemas previos de coñecementos e o que aquí atopas.
- **Tecnolóxica.** O recurso aos medios tecnolóxicos, Internet especialmente, é imprescindible.
- **Situada.** A aprendizaxe debe referirse ao teu contexto real e tomar sentido del. Por exemplo, o obxectivo deste curso non é superar unhas tarefas para lograr unha certificación, senón aprender para mellorar a túa situación real, o teu labor docente co teu alumnado. Dende este contexto "sitúase" a aprendizaxe.
- **Autorregulada.** A medida que avances nas túas aprendizaxes, transferirémosche a dirección desa aprendizaxe. Nese momento pásase do heterocontrol ao auto-control, é dicir, á aprendizaxe auto-regulada.

O curso adopta un modelo educativo centrado en competencias, entendidas estas como un conxunto de comportamentos e habilidades de diferente tipo que permiten levar a cabo axeitadamente unha función, unha actividade ou unha tarefa. As competencias desenvólvense practicándoas, sendo as tarefas e actividades a ferramenta para elo. As tarefas están integradas cara a adquisición das competencias programadas.

As tarefas integradas por competencias supoñen un enfoque metodolóxico no que non es un simple receptor nin repetidor de contidos. Convértete en protagonista dunha situación ou contexto de aprendizaxe. As tarefas pasan a ser o núcleo a

través do que debe gravitar o resto de elementos de traballo: contidos, recursos, autoavaliacións, etc...

(1 **O Modelo CAIT** tomado de: J. M. Martín Patino, J.A. Beltrán Llera, e L. Pérez Sánchez (editores). **Cómo aprender con Internet**, Madrid, Fundación Encuentro, 2003, pp. 133-146. [Documento pdf] Tradución ao galego: Contidos Educativos. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Xunta de Galicia. )

Por outra parte, o interese do alumnado por novas metodoloxías didácticas e a súa sensibilidade estética deben acompañarse dos coñecementos para establecer un criterio propio, o que nos leva a formarnos continuamente nas ferramentas e conceptos que permiten xerar esas novas situacións de aprendizaxe.

Outro obxectivo é traballar a metodoloxía de proxectos ou *design thinking*: expoñemos un problema e buscamos información sobre el; o alumnado propón diferentes solucións debidamente argumentadas e as conclusións plásmanse en produtos audiovisuais ou TIC. Porque o traballo con oralidade no século XXI está directamente relacionado coa expresión audiovisual e a comunicación, socialización e relación através rede social.

En canto aos recursos didácticos, van ter especial importancia os materiais e recursos didácticos elaborados polo propio alumnado con procesos de traballo de campo, investigación e elaboración de guías e manuais sobre diferentes elementos da improvisación oral, así como os materiais divulgativos que o propio alumnado vai xerar e compartir na rede social.

## **Seguimento e desenvolvemento do curso.**

Cómpre non esquecer a necesidade de que os instrumentos de avaliación sexan variados para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e para valorar a evolución do alumnado.

A titorización favorecerá na medida do posible que sexan os propios participantes os que constrúan o coñecemento, fuxindo sempre que se poida, de sistemas tradicionais de transmisión de información. Este procedemento garante unha aprendizaxe máis efectiva e sostible no tempo por estar contextualizada e requirir a implicación directa do/a participante.

O titor ou titores exercerán de guías para fomentar a interacción dos participantes entre si no proceso de construción e a negociación dos contidos elaborados por eles/as. A

elaboración de contidos facilita a aprendizaxe, ademais de dinamizar o proceso grazas á cohesión grupal.

### CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

#### Módulo Inicial Presentación (2 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Información	Presentación do curso	
2 Información	Explicación do curso	
3 Actividade	Actualizar o perfil de usuario en Platega	
4 Tarefa	Presentación no curso por parte do alumnado no Foro de presentacións	
5 Actividade	Normas sobre Netiqueta	

#### Módulo 1 Comunicación musical (10 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Actividade	Avaliación inicial	
2 Información	Leitura de documentos de consulta	
3 Actividade	A melodía e o ritmo da regueifa.	
4 Actividade	A danza da regueifa.	
5 Actividade	Un arquivo sonoro para Galiza.	
6 Actividade	Achegamento ao editor de audio Audacity	
7 Tarefa	Un pouco de etnomusicoloxía	
8 Tarefa	Melodías pedagóxicas.	
9 Tarefa	Regueifas?	

#### Módulo 2 Historia e actualidade do repentismo no mundo e na Galiza (10 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Actividade	Avaliación inicial	
2 Información	Un pracer físico?	
3 información	Repentistas do RAP na Galiza	
4 Actividade	Historia e actualidade do improviso na Galiza e no mundo	
5 Actividade	Quen é quen no repente galego	
6 Actividade	Neurociencia das rimas improvisadas	
7 Actividade	Inimigo público	
8 Actividade	Pescudamos?	

9 Tarefa	Da Galiza a Euskal Herria	
10 Tarefa	O movemento social do repente galego	

### Módulo 3 Comunicación lingüística, poética e retórica (10 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Actividade	Avaliación inicial	
2 Información	Nácese ou apréndese	
3 Información	Instrucións moi básicas	
4 Información	Un segredo: o final é o principio	
5 Actividade	Decálogo da Regueifesta	
6 Actividade	Manual de Repente non Sexista	
7 Actividade	Corrección lingüística	
8 Tarefa	4 X 4	
9 Actividade	Sen homofobia, mellor	
10 Tarefa	Reflexiona, valora, escribe	

### Módulo 4 Comunicación escénica e performance (10 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Actividade	Avaliación inicial	
2 Información	Quinésica	
3 Actividade	Organizacións e espazos escénicos	
4 Actividade	O público	
5 Actividade	Autoestima persoal e colectiva	
6 Actividade	Un guión dun espectáculo escolar de repente.	
7 Tarefa	Linguaxe corporal e paralinguaxe	
8 Tarefa	O teu guión dun espectáculo de repente galego	

### Módulo 5 Creatividade e xestión cultural (5 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Actividade	Avaliación inicial	
2 Información	Centro educativo como contedor cultural	
3 Información	Modelos de guías de xestión cultural	
4 Actividade	Pode o profesorado mudar o mundo?	
5 Tarefa	A máquina de crachás	

### Proxecto Final (3 horas)

Nº	Actividade	Datas
1 Información	Instrucións de entrega	

2 Tarefa	Organización dun evento de repentismo escolar	
----------	---	--

## Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.



Foro de presentación dos participantes

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto ao resto da comunidade de aprendizaxe, coma aos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co teu titor:

- A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as túas intervencións no foro ou *posts*.
- A través do sistema de mensaxería interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre ti e o teu comunicante, xa sexa o/a titor/a ou calquera outro participante.
- A conversa dos participante no curso ou chat é unha conversa síncrona, simultánea no tempo entre aqueles que nese momento estean conectados á aula virtual e teñan ganas de charlar. No curso atoparemos un Chat no tema inicial "Informámonos" e mirando o Bloque "Persoas" saberemos quen está conectado nese momento.

## Avaliación

O alumnado participante terá que realizar o curso seguindo unha Folla de Ruta xeral e unha particular de cada bloque, onde se explicarán os criterios de avaliación e de cualificación.

Ademais, o Curso disporá dun mecanismo de información para que o alumnado poda ver a súa evolución e as cualificacións optidas en cada tramo do proceso.

A avaliación é un pilar básico dos procesos de ensino/aprendizaxe. E, nun curso a distancia sen a presenza física das persoas implicadas, a cousa complícase algo máis. Practicaremos unha avaliación construtiva desde tres ángulos distintos:

- A **autoavaliación** feita por cada participante dalgunhas das súas tarefas, intervencións...
- A **coavaliación** feita avaliando os traballos das compañeiras e compañeiros, sempre con ánimo construtivo.
- A **heteroavaliación** practicada pola titoría.

Estes tres ángulos ou puntos de vista deben ser suficientes para aportar unha análise construtiva da aprendizaxe e unha base sólida para introducir as

retroaccións que sexan necesarias.

Empregaremos estas ferramentas fundamentais para a avaliación:

- Unha vez feita a **arefa** enviarase e informarase á titoría para a súa revisión. A titoría avaliará e cualificará analizando se se axustan ás especificacións sinaladas en cada unha delas. O incumprimento dalgunha destas especificacións implica ter que revisala. No caso de non ser válida informarase das especificacións incumpridas para que dentro do prazo sinalado para a tarefa se proceda a súa mellora, rectificación...
- Os **cuestionarios** de corrección automática cualifícanse en escala numérica de 0 a 10, debendo obter unha nota de 7 como media das tres tentativas posibles.
- Nos Talleres practicaremos a autoavaliación e coavaliación das tarefas principais. Cualifícanse en escala numérica de 0 a 100, tendo cada taller dúas cualificacións, unha correspondente ao traballo presentado e outra ás cualificacións feitas aos compañeiros. Do “peso” de cada unha delas infórmase en cada Taller, sendo habitualmente dun 70 % para a primeira e dun 30 % para a segunda.

A cualificación de cada tarefa aparecerá na propia tarefa, para o seu seguimento, así como os comentarios e aclaracións feitas pola titoría. No cualificador que ten o Moodle poderás ir seguindo mediante unha táboa o grado de consecución que vas levando no curso.

Para ter dereito á certificación das 50 horas de formación compre, a tenor do establecido na Orde 1 sobre a formación permanente do profesorado asistir á sesión presencial e ter superadas as Tarefas do curso suficientes para sumar cando menos o 80 % do valor asignado a elas. Consulta a seguinte táboa:

## Avaliación das tarefas

Na Orde de 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG Núm 96 do 22 de maio de 2013) indícase no seu capítulo V, artigo 23, que *“nas actividades de formación en rede será indispensable, para obter a certificación, a avaliación positiva do 80 % das tarefas propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais, no caso de que as houbese”*.

*Na táboa seguinte recolleranse todas as tarefas obrigatorias do curso. A cada unha delas asignáraselle un valor en %, segundo a súa dificultade e/ou o tempo estimado para a súa realización. A suma total do valor de todas as tarefas obrigatorias será de 100%*

*Se algunha das tarefas fora un “proxecto final”, este terá un valor igual ou superior ao 21%.*

*O titor elexirá o tipo de escala de valoración de cada tarefa (escala Apto / Non apto. Escala Apto / Non apto / Supera o esperado. Escala numérica,...).*

*No caso de utilizar escalas numéricas deberá precisar o número mínimo de puntos necesarios para considerar superada a actividade.*

*Para superar o curso os valores asignados ás tarefas nas que o alumno/a tivo avaliación positiva deben sumar a lo menos o 80%.)*



*\* Este apartado acordamos co noso coordinador realizalo de xeito consensuado antes de impartir o curso e unha vez implementados os contidos.*

Nome tarefa	% do valor	Especificación da escala utilizada

## Aplicación práctica nas aulas

As aprendizaxes realizadas ao longo deste curso dotarante da competencia necesaria para dinamizar, impartir e impulsar a regueifa e a improvisación oral en verso nas aulas.

O Curso está destinado á intervención e á difusión do repentismo nas aulas. Nesta altura, existe unha materia optativa de centro denominada “Regueifa e improvisación oral en verso” (RIOV). O profesorado que curse esta Aula Virtual poderá aplicar as destrezas, coñecementos e contidos optidos neste curso para introducir a regueifa nas súas aulas (de música, lingua galega, etc.) ou, en caso de que cheguen a impartir a materia optativa, nas aulas de RIOV.

As habilidades aprendidas e practicadas neste curso através do proceso e do Proxecto Final teñen como obxectivo a aplicación práctica e a configuración dun colectivo de docentes que impulsen a improvisación oral en verso en diferentes centros do país.

## Requirimentos para seguir o curso

Equipo informático con conexión a internet.

Se queremos participar nesta Aula Virtual Regueifa 2.0 necesitaremos aplicacións informáticas. En relación ao software imos asumir estes criterios:

1. Recurrir a poucas aplicacións informáticas, cantas menos, mellor. Reducir todo o posible a cantidade de aplicacións que usemos.
2. Doadas de instalar e configurar.
3. Buscar aplicacións informáticas sen unha aprendizaxe previa cuantiosa, en termos de tempo investido.
4. Ser software libre (open source) que poidamos usar legalmente e sen custo.





O curso está dirixido especialmente a docentes con vontade de innovar e transformar a súa práctica profesional através da improvisación oral en verso, unha ferramenta para a transformación persoal e social. O requerimento é actitudinal: posuír motivación e vontade para implementar un proceso de innovación aberto á sociedade e que pon no alumnado un grande protagonismo da súa propia formación.